

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 17 DE ABRIL DE 2013.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 17 de abril de 2013, reuníronse en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión ordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:

D. JOSÉ LUIS GARCÍA GARCÍA. (PSG-PSOE)

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

D^a MARÍA DEL CARMEN REY TUÑEZ. (PSG-PSOE).

D. RAMÓN RODRÍGUEZ ROMARÍS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ PEDRO CAMBÓN FERNÁNDEZ. (PSG-PSOE)

D^a. PATRICIA VÁZQUEZ LAMAS. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ BOUZAS ESPARÍS. (PSG-PSOE)

D. JESÚS QUINTELA VÁZQUEZ. (PSG-PSOE)

D. JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS. (PSG-PSOE)

D. CARLOS TOMÉ FONDO. (PP).

D^a MERCEDES GLORIA VÁZQUEZ GARCÍA. (PP)

D^a MARÍA DEL MAR COBAS CAJUSO. (PP)

D^a MÓNICA PATO MAGARIÑOS. (PP)

D. XESÚS PENA ESPÍÑA.(BNG)

SECRETARIO: D. JAVIER NIEVES GONZÁLEZ, Secretario do Concello.

Asiste a Interventora do Concello D^a. ANA MARÍA GÓMEZ PEÑA.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 20.02.2013.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 15.02.2013 AO 12.04.2013.

3º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2012.

4º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DERIVADO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2012.

5º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DA AVALIACIÓN ANUAL DO CUMPRIMENTO DO PLAN DE SANEAMENTO.

6º) RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6 DE MARZO DE 2013 REFERENTE A MOCIÓN SOBRE REFORMA DA LEI DE BASES DE RÉXIME LOCAL PREVISTA POLO GOBERNO CENTRAL.

7º) MOCIÓNS.

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO 20.02.2013.

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das corporacións locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión do 20 de febreiro de 2013.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos trece membros presentes acorda aprobala sen ningunha rectificación.

2º) RELACIÓN DE DECRETOS DITADOS DESDE A ÚLTIMA SESIÓN ORDINARIA, DO 15.02.2013 AO 12.04.2013.

Pola Alcaldía, de conformidade co artigo 42 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e art. 22.2. a) da Lei 7/85, do 2 de abril, deuse conta da relación de decretos que de seguido se transcriben:

15.02.13.- Altas e baixas de prazas para as actividades de prevención e inserción social de obradoiro de memoria e obradoiro de ximnasia e mantemento.

18.02.13.- Concesión de axuda de emerxencia municipal a través de 2 vales da Campaña Brión Solidario, canxeables no Supermercado Froiz a unha veciña de Brión.

18.02.13.- Altas na actividade de Encontros-Baile para a terceira idade para o ano 2013.

18.02.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 36,30 euros (Auna Telecomunicaciones).

18.02.13.- Inicio expediente limpeza de fincas en Gronzo.

21.02.13.- Baixa definitiva dos recibos da taxa de recollida de lixo correspondentes ao padrón do lixo dos anos 2006, 2007, 2008, 2009, 2010, 2011 e 2012 dun veciño.

21.02.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 120 euros (Xunta de Galicia).

21.02.13.- Baixa definitiva dos recibos da taxa de recollida de lixo correspondentes ao padrón do lixo dos anos 2008, 2009, 2010, 2011 e 2012 dun veciño.

22.02.13.- Venda dunha finca propiedade do Concello onde se atopaba un posto aplicativo de inseminación artificial gandeiro no lugar de Estrar.

22.02.13.- Corrección de erros do padrón do lixo do ano 2013.

22.02.13.- Desestimación do recurso dealzada presentado por unha aspirante da oposición da praza de auxiliar administrativo.

25.02.13.- Denegación do cambio de domicilio no Padrón de Habitantes dun veciño por incumprir o requisito de residencia efectiva no domicilio.

26.02.13.- Aprobación definitiva do Padrón fiscal conxunto das taxas por servizos de subministración de auga, saneamento, depuración de augas residuais e canon de auga, correspondente ao 4º trimestre de 2013.

26.02.13.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida de lixo correspondentes ao padrón do lixo do ano 2012.

26.02.13.- Inicio expediente limpeza fincas en Cirro.

26.02.13.- Aprobación da lista de familias beneficiarias da fase de distribución de alimentos excedentes da Unión Europea para febreiro de 2013.

27.02.13.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida de lixo correspondente ao ano 2012 dun veciño.

27.02.13.- Baixa definitiva dos recibos da taxa de recollida do lixo correspondentes ao padrón do lixo dos anos 2010, 2011 e 2012 dun veciño.

27.02.13.- Inadmisión a trámite dun recuso dealzada presentado por un aspirante á praza de auxiliar administrativo por resultar extemporáneo.

27.02.13.- Inadmisión a trámite dun recuso de alzada presentado por unha aspirante á praza de auxiliar administrativo por resultar extemporáneo.

27.02.13.- Inadmisión a trámite dun recuso de alzada presentado por unha aspirante á praza de auxiliar administrativo por resultar extemporáneo.

27.02.13.- Aprobación da liquidación do orzamento do concello correspondente ao exercicio 2012.

28.02.13.- Pago de nóminas.

28.02.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1.270,58 euros (Telefónica España).

28.02.13.- Inadmisión a trámite dun recuso de alzada presentado por unha aspirante á praza de auxiliar administrativo.

28.02.13.- Convocatoria Xunta de Goberno Local a celebrar o 1 de marzo.

28.02.13.- Aprobación expediente modificación de créditos MC 3/2013.

28.02.13.- Pago gratificacións a un laboral.

28.02.13.- Pago gratificacións a un funcionario.

28.02.13.- Abono da diferenza entre os complementos específicos a un funcionario pola substitución no mes de xaneiro do secretario e interventora.

28.02.13.- Ingreso dunha cantidade ao Xulgado de primeira instancia de Santiago polo embargo da nómina dun traballador.

28.02.13.- Recoñecemento dun trienio a unha funcionaria.

28.02.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 300 euros (taxas das costas do procedemento abreviado 64/2012).

01.03.13.- Altas no padrón de habitantes correspondentes ao mes de febreiro.

01.03.13.- Baixas no padrón de habitantes correspondentes ao mes de febreiro.

01.03.13.- Aprobación do gasto e expedir a orde de pago en concepto de anticipo de caixa fixa pola cantidade 300,00 €, para o pagamento de pequenos gastos da escola infantil municipal.

01.03.13.- Pagamento do anticipo derivado de gastos diversos da escola infantil municipal polo importe de 7,70 €.

01.03.13.- Concesión dunha axuda de emerxencia municipal para axuda ao pago de recibo de suministro eléctrico por un importe de 100'00 €.

01.03.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 46.672,75 euros (facturas varias).

01.03.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 655,20 euros (facturas varias).

04.03.13.- Compensación da cantidade de 18.218,19 euros en concepto de liquidacións do imposto sobre bens inmobles e taxa por servizos e actividades relacionados coa hixiene urbana do ano 2012, liquidadas á entidade mercantil Urban Portfolio Inmobiliario S.L; Urban Servicios Inmobiliarios S.Le Urban Alkirá S.L.

04.03.13.- Aprobación liquidación taxa dunha licenza de segregación.

06.03.13.- Convocatoria sesión extraordinaria urgente da Xunta de Goberno Local a celebrar o 6 de marzo.

06.03.13.- Participación do concello na XXXI edición do Premio de Novela Longa Eduardo Blanco Amor.

06.03.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 160,20 euros (Mapfre Familiar SA).

06.03.13.- Solicitud dunha subvención para a promoción do uso da lingua galega.

06.03.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 102,68 euros (CP Agro Novo).

07.03.13.- Aprobación da liquidación das taxas da Xunta de Goberno Local celebrada o 1 de marzo.

07.03.13.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de febreiro 2013.

07.03.13.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de febreiro de 2013.

07.03.13.- Aprobar a liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de marzo de 2013.

07.03.13.- Solicitud dunha subvención para o servizo de socorrismo na piscina de Bastavales.

08.03.13.- Aprobación do proxecto da obra de reparación da envolvente exterior da gardería municipal logo de subsanadas as deficiencias e cun orzamento de contrata de 18.313,35 euros.

08.03.13.- Aprobación do proxecto da obra de acondicionamento da beirarrúa emprazada dentro dun ámbito dotacional deportivo que da acceso ás pistas deportivas, pavillón, e piscinas municipais logo de subsanadas as deficiencias e cun orzamento de contrata de 10.331,53 euros.

08.03.13.- Aprobación do proxecto da obra de mellora e adaptación do acceso de entrada á sala de exposicións logo de subsanadas as deficiencias e cun orzamento de contrata de 4.651,06 euros.

08.03.13.- Aprobación do proxecto da obra de reparación do interior do pavillón polideportivo de Pedrouzos logo de subsanadas as deficiencias e cun orzamento de contrata de 15.792,36 euros.

08.03.13.- Reintegrar á entidade Banco Pastor S.A. o orixinal do aval do contrato de subministro mediante arrendamento, sen opción de compra, de tres máquinas de control de tempo.

08.03.13.- Autorización para celebrar o 19 marzo de 2013 os festexos de San Xosé no lugar de A Igrexa-Bastavales.

11.03.13.- Inicio expediente de limpeza en Gundín.

13.03.13.- Baixas por inscrición indebida no padrón municipal.

13.03.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 18.311,37 euros (facturas varias).

13.03.13.- Resolución de inicio procedemento sancionador de tráfico.

13.03.13.- Resolución de inicio procedemento sancionador de tráfico.

14.03.13.- Notificación da firmeza da redución de xornada dun traballador.

15.03.13.- Inicio do procedemento de adxudicación do contrato de subministro de materiais para o proxecto de obras: Mantemento de estradas Aldea de Vioxo de Arriba e pista Tembra-Pedreira.

18.03.13.- Inicio expediente limpeza en Aguiar.

19.03.13.- Declarar elevado a definitivo o acordo de aprobación da modificación de créditos MC 02/2013.

19.03.13.- Reintegro de 5.370,43 euros da subvención da Consellería de Traballo e Benestar para a contratación de 12 traballadores desempregados para o Grupo municipal de Intervención rápida.

19.03.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 27.062,72 euros (cota Mancomunidade Serra do Barbanza mes de xaneiro 2013).

19.03.13.- Inicio expediente limpeza en Aguiar.

19.03.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 36,30 euros (Cableuropa SAU).

20.03.13.- Aprobación do convenio de colaboración entre o Concello de Brión e o Concello de Castell-Platja d'Aro para a organización de encontros de arte e intercambio cultural de artistas plásticos galegos e del Empordá.

20.03.13.- Baixa no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes dunha veciña.

20.03.13.- Baixa no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes dunha veciña.

21.03.13.- Devolución do aval bancario á empresa Viajes Vitoria SA depositado para responder do servizo de vacacións para a terceira idade 2012 con destino a Marbella ou Torremolinos, por importe de 1.805,55 euros.

22.03.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1.975,00 euros (premios do desfile de Entroido do ano 2013).

25.03.13.- Desestimación do recurso de reposición interposto por Carlos Matovelle Gómez, actuando en nome e representación de Urban Servicios Inmobiliarios, S.L. contra resolución de alcaldía de data 05.11.2012.

25.03.13.- Convocatoria de Xunta de Goberno Local a celebrar o 26 de marzo.

26.03.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 12.495,25 euros (Unión Fenosa Comercial SL).

26.03.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 17.382,28 euros (Gas Natural Sur, SDG, SA).

26.03.13.- Pago de nóminas.

26.03.13.- Recoñecemento dun trienio a un traballador.

26.03.13.- Recoñecemento dun trienio a un traballador.

26.03.13.- Pago produtividade.

26.03.13.- Ingreso de 300 € ao Xulgado de primeira instancia para dar cumprimento a un embargo na nómina dun traballador.

26.03.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 34.954,37 euros (facturas varias).

27.03.13.- Concesión axuda emerxencia social a uns veciños con un vale de 150 €.

27.03.13.- Solicitud de subvención para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios.

27.03.13.- Inicio da execución das obras de reparación da cuberta da biblioteca.

27.03.13.- Inicio da execución das obras de limpeza de Aldeas en Brión 2012.

01.04.13.- Incoación de expediente de orde de execución contra Procoga Tres, S.L. en relación coa situación que presenta a cuberta da vivenda anexa sita no lugar de San Salvador, nº 9.

01.04.13.- Aprobación expediente de contratación para o subministro de materiais para a execución do proxecto de obras: Mantemento de estradas Aldea de Vioxo de Arriba e pista Tembra-Pedreira.

01.04.13.- Altas no padrón de habitantes correspondentes ao mes de marzo.

01.04.13.- Baixas no padrón de habitantes correspondentes ao mes de marzo.

01.04.13.- Devolución do importe de 8 € pagados a unha veciña en concepto de prezo público pola actividade de sendeirismo a Touro.

01.04.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 1.270,58 euros con efectos contables a 28 de marzo. (Telefónica España)

01.04.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 376,35 euros. (Telefónica Móviles España).

02.04.13.- Altas e baixas no Programa de Axudas ao Transporte presentadas entre os días 2 de xaneiro a 27 de marzo de 2013.

02.04.13.- Baixa definitiva do recibo da taxa de recollida do lixo correspondente ao Padrón do Lixo do ano 2012.

02.04.13.- Aprobación liquidación taxas Xunta de Goberno Local celebrada o 26 de marzo.

02.04.13.- Autorización e disposición do gasto, e expedición da orde de pago sen a debida xustificación da obriga pola cantidade de 300,00 €, para o pago de gastos de posibles imprevistos na viaxe cultural a Tenerife.

02.04.13.- Concesión dunha subvención ao Clube de Fútbol Sociedade Deportiva Brión por importe de 4.900 €

02.04.13.- Concesión dunha subvención á Asociación de Caza Altamira por importe de 2.500 €

02.04.13.- Concesión dunha subvención á Asociación Festa do Cabalo por importe de 1.200 €

02.04.13.- Concesión dunha subvención ao Clube de Fútbol Sociedade Deportiva Luaña por importe de 2.000 €

02.04.13.- Concesión dunha subvención ao Clube de Fútbol Bastavales Unión Deportiva por importe de 6.300 €

02.04.13.- Baixa dun veciño no servizo de axuda no fogar básico.

02.04.13.- Alta dun veciño no servizo de axuda no fogar dependentes.

02.04.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 621 euros con efectos contables a data 28 de marzo (La Voz de Galicia).

03.04.13.- Concesión dunha subvención á Asociación de Mulleres Xuntanza por importe de 1.200 €

03.04.13.- Concesión dunha subvención ao CEIP de Pedrouzos por importe de 3.000 €

03.04.13.- Concesión dunha subvención ao IES de Brión por importe de 2.000 €

03.04.13.- Concesión dunha subvención á Asociación Banda de Música Municipal de Brión por importe de 3.500 €

03.04.13.- Delegación do exercicio das funcións da alcaldía no Tenente de Alcalde José Pedro Cambón Fernández, desde o 7 ao 14 de abril.

03.04.13.- Reintegro da cantidade de 32,60 €, polo pagamento anticipado derivado de gastos en material de reposición para a escola infantil municipal.

03.04.13.- Confirmación dos participantes na viaxe a Tenerife para a terceira idade para o ano 2013.

03.04.13.- Incorporación dunha veciña no servizo de axuda no fogar para persoas dependentes.

04.04.13.- Aprobación dunha prórroga, polo prazo dun ano, ao contrato de subministro de gasóleo "A" para os vehículos e maquinaria municipais e gasóleo "C" para calefacción de centros públicos municipais do Concello de Brión asinado con Feiraco Sociedad Cooperativa.

04.04.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 8.900 euros (Viajes Halcon SAU).

04.04.13.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño por importe de 36,40 € en concepto de curso de taxa pola utilización dos servizos da escola infantil municipal.

04.04.13.- Devolución de ingresos indebidos a un veciño por importe de 100 € en concepto de curso de baile de perfeccionamento.

04.04.13.- Comunicación de xubilación a un traballador do Concello.

05.04.13.- Comunicación de xubilación a un traballador do Concello.

05.04.13.- Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística a un veciño polas obras que está a realizar sen axustarse á licenza concedida no lugar de Gándara.

09.04.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 22.492,38 euros (facturas varias).

09.04.13.- Inicio expediente de limpeza en Brans de Abaixo.

10.04.13.- Aprobación da certificación (liquidación) da obra de construción dunha piscina cuberta municipal en Lamiño, polo importe de 22.263,98 €

11.04.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 97,12 euros (CP Agro Novo).

11.04.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 100 euros (CP Agro Novo).

11.04.13.- Autorización, disposición, recoñecemento e liquidación das cantidades dos gastos polo importe total de 145,20 euros (Centyc Europa SL).

11.04.13.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación dos servizos da escola infantil municipal correspondentes ao mes de abril de 2013.

11.04.13.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio correspondente ao mes de marzo de 2013.

11.04.13.- Aprobación da liquidación das taxas pola prestación do servizo de axuda a domicilio a dependentes correspondentes ao mes de marzo 2013.

12.04.13.- Convocatoria de Comisións Informativas e Pleno.

O Pleno queda enterado.

3º) DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2012.

Dada conta do expediente de aprobación da liquidación do orzamento do Concello de 2012 aprobada por resolución da Alcaldía do 27 de febreiro de 2013, que transcrita di:

Examinada a liquidación do orzamento municipal do exercicio 2012, formulada pola Intervención Municipal, seguindo os principios e normas recollidos na Instrución de contabilidade vixente, e con suxección ás normas previstas nos artigos 191 a 193 do texto refundido da Lei reguladora de facendas locais e 89 a 105 do Real Decreto 500/1990, resolvín :

Primeiro.- Aprobar a liquidación do orzamento do Concello de Brión correspondente ao exercicio de 2012, que ten os seguintes resultados:

1. DEREITOS RECOÑECIDOS NETOS	4.568.003,86
2. OBRIGAS RECOÑECIDAS NETAS	4.735.251,99
3. RESULTADO ORZAMENTARIO DO EXERCICIO(1-2)	-167.248,13
4.CREDITOS GASTADOS FINANCIADOS CON REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS (+)	18.763,34
5. DESVIAC. DE FINANCIACIÓN NEGATIVAS DO EXERCICIO (suman)	447.650,76
6. DESVIAC. DE FINANCIACIÓN POSITIVAS DO EXERCICIO (restan)	272.622,36
7. RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO (3+4+5-6)	26.543,61

FONDOS LÍQUIDOS		437.581,70
------------------------	--	-------------------

DEREITOS PENDENTES DE COBRO		342.385,74
+De orzamento corrente	13.038,93	
+De orzamentos pechados	361.481,07	
+De operacións non orzamentarias	2.782,76	
- Cobros realizados pdtes. de aplic.definitiva	34.917,02	
-OBRIGAS PENDENTES DE PAGO		472.837,60
+De orzamento corrente	317.597,07	
+De orzamentos pechados	24.542,20	
+De operacións non orzamentarias	130.713,64	
-Pagos realizados pdtes. de aplicación definitiva	15,31	
=REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL		307.129,84
-SALDOS DE DUBIDOSO COBRO		329.545,15
-EXCESO DE FINANCIACIÓN AFECTADA		160.613,01
=REMANENTE DE TESOURERÍA. PARA GASTOS XERAIS		-183.028,32

Segundo.- Dar conta ao Pleno na primeira sesión que se celebre trala aprobación da citada liquidación.

Terceiro.- Remitir copia do expediente á Administración Xeral do Estado e a Comunidade Autónoma.

O Pleno queda enterado.

4º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA DERIVADO DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO DE 2012.

Dada conta do informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria da liquidación do orzamento xeral do exercicio 2012, de data 27.02.2013, que conclúe:

Se conclúe do cálculo anterior que a liquidación do orzamento do concello para o 2012 cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria, e presenta unha capacidade de financiamento que ascende a 378.900,18 euros e, por tanto, a situación do Concello de Brión é de cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria entendido como a situación de equilibrio ou de superávit en termos de capacidade de financiamento de acordo coa definición contida no SEC 95, polo que, de conformidade co previsto nos artigos 16,19 e 21 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei xeral de estabilidade orzamentaria, procede elevar este informe ao Pleno para a súa toma de razón.

O Pleno queda enterado.

5º) DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DA AVALIACIÓN ANUAL DO CUMPRIMENTO DO PLAN DE SANEAMENTO.

Dada conta do informe de Intervención de avaliación do cumprimento do plan de saneamento de data 27 de marzo de 2013, que conclúe:

Á vista do anteriormente exposto, respecto das medidas adoptadas para o incremento dos ingresos e a redución de gastos, e vistos os resultados da liquidación do exercicio 2012, esta Intervención considera que se teñen adoptado as medidas para o incremento de ingresos recollidas no plan de saneamento aprobado. Non obstante, e á vista dos resultados que arroxa a liquidación do orzamento en materia de gastos esta Intervención considera acreditado que non se adoptaron suficientes medidas para a contención do gasto (no exercicio 2011 quedaron obrigas pendentes de recoñecer por importe de 175.904,77 euros que supuxeron un lastre para o exercicio 2012). Polo tanto esta Intervención recomenda que no orzamento vixente se

adopten as medidas complementarias en materia de gasto para evitar que esta situación se repita en exercicio futuros. Por todo elo se informa desfavorablemente respecto ao cumprimento anual do plan de saneamento aprobado.

O Pleno queda enterado, debendo remitirse ao Ministerio de Facenda por transmisión electrónica nos modelos habilitados para tal fin, incorporando a sinatura electrónica da Interventora municipal.

6º) RATIFICACIÓN DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 6 DE MARZO DE 2013 REFERENTE A MOCIÓN SOBRE REFORMA DA LEI DE BASES DE RÉXIME LOCAL PREVISTA POLO GOBERNO CENTRAL.

Dada conta do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria urxente de data 06.03.2013, cuxa ratificación foi ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Servizos en sesión de data 16.04.2013, e que transcrito di:

“ 3º.- Moción sobre reforma da Lei de bases de réxime local prevista polo Goberno Central.

Dada conta da moción referenciada, de data 6 de marzo de 2013, que transcrita di:

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Brión, en base ao disposto no ROF presenta esta moción sobre a reforma da Lei de bases de réxime local prevista polo Goberno Central, en base á seguinte

Exposición de Motivos.

Nestes últimos meses o Goberno Central está a debater a reforma da Lei de bases de réxime local. A reforma tal e como está prevista polo goberno de Rajoy, é un ataque directo ao municipalismo, que é en quen reside e debe residir o poder local, por ser o órgano con máis proximidade aos cidadáns.

A citada reforma xustifícase en aras á sostenibilidade económica, cando é radicalmente falso que os concellos sexan os culpables do déficit do Estado, e moi especialmente os concellos de menos de 20.000 habitantes.

A citada reforma alude aos beneficios da economía de escala e, consecuentemente, traslada a responsabilidade última da prestación de servizos ás deputacións, cando o certo é que nos concellos todos somos conscientes de que é imposible que as deputacións poidan prestar os servizos coa calidade coa que os prestan os concellos galegos en xeral. Ademais, o problema para determinar a calidade dos servizos que prestamos os concellos está nunha cuestión na que non entra a documentación na que se basea o Goberno Central: o financiamento. Este é o verdadeiro cabalo de batalla sobre o que hai que incidir. Non se trata de quitar ou poñer unha determinada competencia. Se trata de estudar canto custa o seu financiamento.

É imprescindible ter en conta a casuística galega de distribución de concellos e, sobre todo a cantidade de núcleos de poboación que ten cada concello de Galicia, que en moitos casos supera o centenar. Estas peculiaridades fan aos concellos galegos completamente diferentes aos do resto do país, nos que a perda de servizos faría que os veciños perderan o único vínculo que teñen para reclamar solucións aos seus problemas.

En resumo, estamos a falar dunha reforma feita sen contar cos concellos, e sen informar aos representantes dos concellos tanto na FEGAMP como na FEMP, e polo tanto, para evitar un dano irreparable aos municipios, e polo que o grupo municipal do PSG-PSOE do Concello de Brión somete para a súa aprobación o seguinte acordo:

1º) O Concello de Brión mostra a súa desconformidade co anteproxecto de lei de bases de réxime local elaborado polo Goberno Central.

2º) O Concello de Brión apoia o acordo adoptado no mes de xaneiro de 2013 pola Federación Galega de Municipios e Provincias, no que se instou ao Goberno Central a que, dada a transcendencia da reforma que se está a acometer, sexa obxecto dun imprescindible acordo, tanto coa FEMP como coas diferentes federacións territoriais.

3º) Aceptamos e asumimos o acordo de alegacións da Executiva da FEGAMP adoptado o 4 de marzo de 2013, que transcrito di:

“” ALEGACIÓNS DA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) AO ANTEPROXECTO DE LEI DE RACIONALIZACIÓN E SOTENIBILIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL.

INTRODUCCIÓN.

Con carácter previo empezar manifestando que o anteproxecto de Lei, modificación parcial da vixente Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción proposta non parece que vaia dar cumprida resposta aos principais obxectivos que motivaron na súa orixe a reforma do texto. É máis, ao abeiro dos principios impostos pola lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, vulnera en varios dos seus preceptos a autonomía local das entidades locais, principio consagrado na Constitución e na Carta Europea de Autonomía Local, colocando estes, especialmente aos municipios de menor poboación, como meros entes administrativos.

Ademais, o anteproxecto non respecta as competencias na ordenación do mapa municipal e a prestación de servizos que algúns estatutos de autonomía lle recoñecen ás comunidades, como é o caso de Galicia.

COMPETENCIAS LOCAIS.

1. A FEGAMP reitera a necesidade de clarificar e delimitar definitivamente o ámbito competencial local, evitando duplicidades e buscando unha solución definitiva ao exercicio das competencias impropias. Con este obxectivo e co de mellorar a calidade na prestación de servizos prestados polos municipios subscribiuse coa Xunta de Galicia o denominado "Pacto Local Galego". A aprobación deste anteproxecto suporía un retroceso importante neste aspecto sobre o xa conseguido neste tempo en Galicia.

A clarificación competencial das entidades locais deberá vir acompañada necesariamente dun novo modelo de financiamento local, xa que sen un axeitado financiamento será imposible a prestación axeitada dos servizos públicos locais.

2. Todos os municipios, á marxe do cal sexa a súa poboación e características, deben de ter un mínimo competencial propio que poidan exercer ao abeiro do dereito á autonomía local consagrado na vixente Constitución, e baixo a súa propia responsabilidade, como expresamente sinala a Carta Europea de Autonomía Local; o contrario sería tanto como admitir a existencia de municipios sen administración.

3. O ámbito de competencias propias que o anteproxecto atribúe aos municipios alude a materias que directamente afectan aos intereses municipais e que se deben exercer desde os municipios como administracións máis próximas aos cidadáns. En todo caso, e sen prexuízo da súa posible ampliación ou modificación futura, a FEGAMP considera que debería manterse dentro dese ámbito os servizos sociais comunitarios, pois ademais de ser unha competencia recoñecida aos municipios por lei autonómica, é unha materia onde a proximidade aos cidadáns é básica para a súa prestación eficaz e eficiente. En consecuencia deberá suprimirse a disposición transitoria undécima do anteproxecto.

4. A futura ampliación ou modificación do ámbito competencial local debería partir do documento elaborado polo grupo de traballo sobre competencias da FEMP, consensado entre todos os grupos deste organismo municipalista, e que reflicte á perfección a posición do municipalismo en materia competencial.

5. En canto aos servizos mínimos o anteproxecto segue mantendo inalterable, logo de varias décadas, o seu número e a súa atribución aos municipios en base a uns obsoletos estándares poboacionais, descoñecendo que na actualidade son moitos os concellos que xa veñen prestando boa parte deses servizos mínimos obrigatorios máis aló dos que segundo o seu tramo poboacional imponlle o artigo 26 da Lei 7/1985. Faise polo tanto imprescindible actualizar e ampliar estes servizos mínimos, por exemplo á promoción da cultura e equipamentos culturais e deportivos ou ao impulso de actividades económicas.

6. No suposto de levarse a cabo o traspaso das competencias relativas á saúde e á educación, os municipios tan só contribuirán na parte proporcional que lles puidese corresponder nos actuais mecanismos económicos compensatorios (nominada e principalmente convenios e transferencias) que a Comunidade Autónoma puidese establecer para estas materias a tal fin.

7. Avogamos que se manteña vixente o actual artigo 28 da Lei de bases en canto ás actividades complementarias, modulando no seu caso o contido do artigo 7.4 e disposición transitoria novena do anteproxecto. A Carta Europea da Autonomía Local outorga ás entidades locais liberdade plena para exercer a súa iniciativa en todas aquelas materias non excluídas da súa competencia ou atribuídas a outra administración. Cumprindo coas obrigacións impostas pola normativa financeira e orzamentaria, non alcanzamos a entender que se prohiba de plano e para todos os municipios a posibilidade de que os mesmos interveñan, complementándoos, os servizos prestados por outras administracións.

8. Consideramos necesario suprimir a disposición adicional decimo sétima, en relación aos convenios sobre exercicio de competencias e servizos municipais, en tanto en Galicia hai en vigor múltiples convenios subscritos entre as entidades locais e a comunidade autónoma cuxa vixencia é posterior ao 1 de xaneiro de 2014, e cuxa derogación automática a esa data producirá múltiples prexuízos aos intereses públicos.

RACIONALIZACION DAS ESTRUTURA ORGANIZATIVA.

1. A FEGAMP manifesta o seu rexeitamento á fixación con carácter global, e por imposición legal a medio dun regulamento do Estado, dos denominados "custos estándares dos servizos municipais". O que con iso se pretende é que a Administración central interveña directamente en decisións de ámbito exclusivamente local, exercendo un inadmisíbel control político externo sobre os municipios, e vulnerando con iso de forma flagrante a súa autonomía local.

Reclamamos que a determinación deses estándares, a establecer pola normativa da Comunidade Autónoma, deberá levarse a cabo coa participación de todas as Administracións públicas implicadas e no seo daqueles órganos de colaboración interadministrativa que en materia local xa existen actualmente, concretamente en Galicia a Comisión Galega de Cooperación Local, e con participación, en todo caso, das correspondentes federacións ou asociacións de municipios e provincias.

En todo caso de manter a pretensión de fixar devanditos estándares haberá de levarse a cabo en ámbitos territoriais máis limitados (provinciais ou ata comarcais), e tendo en conta a diversa tipoloxía (rurais, marítimos, turísticos ...) e características dos municipios galegos (forte dispersión e envellecemento poboacional).

2. En ningún caso, de manter o anteproxecto o desapoderamento competencial dos municipios, desapoderamento que esta Federación expresamente rexeita, as diputacións poderán asumir o exercicio do conxunto de todas as competencias municipais, e polo tanto a norma debería reservar

unha serie de servizos mínimos obrigatorios inalienables que en todo caso deberán seguir desempeñando os municipios, á marxe de cal sexa a súa rentabilidade ou custo económico.

3. O anteproxecto de Lei debería ir dirixido a redefinir as tradicionais competencias de asistencia e colaboración das Deputacións cos municipios máis pequenos ou con menos recursos, sen prexuízo de atribuír ás mesmas, sempre en ámbitos de actuación supramunicipal ou comarcal, un haz limitado e concreto de materias, sobre as cales puidesen exercer competencias propias.

INTERVENCIÓN E CONTROL. INICIATIVA PÚBLICA LOCAL.

1. A FEGAMP manifesta a súa rotunda oposición ás novas previsións de intervir os municipios menores de 5000 habitantes contidas no novo art. 61 bis do anteproxecto, en canto a través do mesmo preténdese ampliar de forma desorbitante, e en clara discriminación cara aos municipios pequenos, as posibilidades de intervir os municipios que xa recolle a vixente lexislación de réxime local e de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

2. Os interventores locais deben seguir dependendo funcionalmente das entidades locais, que son quen lles retribúen, por iso non podemos estar de acordo coa pretensión recollida no anteproxecto de que estes funcionarios pasen a converterse nunha especie de axentes ou interventores delegados do Ministerio de Facenda enfrontados aos gobernos municipais.

Neste sentido diríxense as dúas modificacións que o anteproxecto fai da Lei reguladora das facendas locais, coas cales esta Federación non pode estar de acordo, en tanto supoñen unha clara vulneración da autonomía local, sendo ademais innecesarias xa que na vixente lexislación existen variadas fórmulas de control interno e externo da xestión económica e orzamentaria das entidades locais.

3. Indicar finalmente o noso rexeitamento a que se someta a un inxustificable e inadmisibile control por parte da comunidade autónoma, de quen vai depender a súa aprobación definitiva, a iniciativa pública local no desenvolvemento de actividades económicas. De facto o que pretende a Lei é a eliminación gradual da iniciativa económica das nosas entidades locais, dando a entender que en todo caso a xestión privada dun servizo vai resultar necesariamente máis eficiente e eficaz que a pública.

RETRIBUCIÓN DOS MEMBROS DAS CORPORACIÓNS LOCAIS.

1º.- Como xa manifestamos con ocasión das consideracións formuladas á proposta de modificación da Lei 7/1985, deberá ser a FEMP quen elabore, en colaboración coas restantes asociacións ou federacións municipalistas, unha táboa retributiva para os membros das Corporacións Locais, de carácter xeral, táboa que haberá de ter en conta a dedicación e responsabilidade dos cargos públicos locais, á marxe de cal sexa o número de habitantes do municipio respectivo.

Como punto de partida as retribucións poderían homologarse ás existentes para a función pública nas respectivas Comunidades autónomas, ponderándose segundo poboación municipal (a título de exemplo para os municipios de menos de 2000 habitantes as retribucións poderían ser as correspondentes a unha xefatura de sección na comunidade autónoma). En todo caso todos os alcaldes terán dereito a ser retribuídos sempre que desempeñen os seus labores en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

CONCLUSIÓN.

Á vista do calado de todas estas alegacións, tanto no seu fondo como na súa forma, a Fegamp vese obrigada a manifestar a súa disconformidade co anteproxecto de lei suscitado polo Goberno.

Para rematar, reiteramos o posicionamento adoptado por esta Federación o pasado mes de xaneiro, no que instou ao Goberno a que, dada a transcendencia da reforma que se está acometendo, sexa obxecto dun imprescindible acordo tanto coa FEMP como coas distintas federacións territoriais.””

4º) Trasladar este acordo tanto á FEGAMP como á FEMP e ao Goberno de España.

5º) Do presente acordo daráse conta ao Pleno na primeira sesión que celebre para os efectos da súa ratificación.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade acorda aprobar a mesma nos seus propios termos.””

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que estamos de acordo coas alegacións da FEGAMP respecto diso de que participen todas as federacións na fase de elaboración e ademais hai que ter en conta que en Galicia existen máis da metade dos núcleos de poboación que hai en España, que temos singularidades demográficas e poboacionais que fan necesario que se teñan en conta e que os concellos son as administracións menos endebedadas de España; estamos de acordo coa FEGAMP en que hai que abrir un proceso de diálogo e tendo en conta as características dos nosos concellos.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que a moción debía consensuarse previamente por todos os grupos para darlle maior transparencia política, porque ademais ven aprobada pola FEGAMP, consensuada.

Engade que ao ser consensuada hai cuestións que non se poden tocar, pero si matizar, así por exemplo o tema das deputacións, que ten que poñerse encima da mesa o seu papel, porque son institucións caducas, hoxe non teñen ningunha utilidade, non son de elección democrática directa e reparten os cartos de xeito arbitrario, globalmente apoiamos a ratificación pero habería que introducir este tema das deputacións.

O Sr. Alcalde sinala que podería dar moitas razóns e motivos para opoñermos a esta reforma; non sei cantos borradores presentaron desde o ministerio, nós presentamos a alegación dentro de prazo e se fixo desa maneira para despois ratificar, pero podería terse feito pola Alcaldía.

O tema das deputacións será obxecto de debate noutra moción presentada por vostede; se se aprobase esa lei como está agora sería terrible para os concellos, se solo podemos prestar as competencias para as que estamos autorizados desaparecerían moitísimos servizos no Concello de Brión e remata sinalando que o incremento de competencias en favor das deputacións non é acertado.

Sometida a votación a súa ratificación, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 13, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE(8), PP(4) e MIXTO (1)(BNG).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 0.

Queda aprobada a ratificación do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local nos seus propios termos.

7º) MOCIÓN.

Apróbase por unanimidade dos trece membros presentes a urxencia das seguintes mocións.

7.1. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (BNG) SOBRE O NOVO COPAGO DOS COMEDORES ESCOLARES.

Polo Sr. Concelleiro Pena Espiña dáse conta da moción que transcrita di:

O pasado día 12 deste mes de marzo, o goberno do PP na Xunta de Galiza deu a coñecer un novo recorte no dereito á educación dos galegos e galegas cunha medida que afecta directamente ao alumnado do noso país. O goberno do PP anuncia a ampliación do copago do servizo de comedor escolar.

Esta decisión carga sobre as precarias economías das familias a obriga de facer fronte ao pago dunha parte importante deste servizo. Un servizo necesario para garantir un dereito fundamental como é o dereito á educación que, con esta imposición do goberno do PP, ven a deteriorar o ensino público no que respecta ao servizo de comedores escolares.

Esta actuación do goberno do PP na Xunta de Galiza evidencia a súa despreocupación polo ensino público, provocando o seu deterioro polos sucesivos recortes dos últimos anos: recortes no número de profesores e profesoras; recortes nos orzamentos dos centros; recortes nas axudas para libros, nas axudas para bibliotecas, atrasos nas transferencias económicas para comedores escolares, recorte no servizo de comedores, empeoramento das condicións socio-laborais do profesorado, recortes nos servizos de normalización lingüística e unha longa cadea de despropósitos que deterioran un servizo público básico da sociedade.

Pola contra, todos estes recortes no ensino público contrastan cos 240 millóns de subvención ao ensino concertado, cos 3 millóns de euros de subvención para centros que segregan ao alumnado por razón de xénero e que o propio Tribunal Superior de Xustiza de Galiza declarou ilegal.

No caso do noso concello o servizo de comedor do Colexio de Pedrouzos é utilizado por 332 nenos e nenas dos que 94 utilizan o servizo xa pagando entre 1,5 e 3,15 euros debido a que residen nas proximidades do centro. O novo copago afectaría, aproximadamente á metade dos nenos e nenas que o utilizan no presente e ademais a nova normativa para determinar a admisión no servizo podería deixar a alumnos/as do concello sen servizo e permitirllo a alumnos/as de fora do concello.

Por todo isto, o grupo municipal Mixto (BNG) solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

- 1º) Instar á Xunta de Galiza a non establecer un novo copago no servizo de comedores escolares.
- 2º) Demandar da Xunta de Galiza velar polo dereito á educación, garantindo un servizo de comedor escolar de calidade para o alumnado que o necesite.
- 3º) Instar á Xunta de Galiza que na normativa de admisión se priorice o acceso ao servizo de comedor aos/ as alumnos e alumnas residentes no concello.

Debate:

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que sempre fan así, lanzan un globo sonda e logo cando remata o curso o aproban; tratase de que os usuarios paguen a maior parte. Engade que o comedor a parte fai un servizo de socialización entre os nenos, non só é un servizo de alimentación, e polo tanto é moi beneficioso para os nenos; a idea da moción é presentala agora que se presentou o globo sonda para que se aprobe e saiban que estaremos en contra; por que agora? porque o aprobarán en verán como fan sempre e o aplicarán ao comezo do curso. Sinala que outro tema é que o regulamento que vai regular isto pode afectar ao dereito de veciños e non veciños e pode ser que pase á Xunta.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que polos datos que teño con estas axudas haberá 11.000 prazas de comedor escolar gratuito máis que cando vostedes gobernaban na Xunta, que irá en función das rendas e as máis baixas terán garantida a gratuidade total; con estas medidas se verá todo o mundo afectado pero os máis afectados serán os que teñan máis recursos económicos, ata agora aínda que a renda familiar superara os 100.000 euros tiñan garantido o comedor escolar, tamén hai que dicir que moitas ANPAS teñen asumida a xestión dos comedores e se fala de que a Xunta asumiría estes custes de comedores, que o copago o implantaron vostedes, e agora o que se fai é un estudo para reordenalo en función das rendas, e que o estudo se fai para toda Galicia, non a nivel particular para o Colexio de Pedrouzos, que non se quita este dereito á xente, simplemente se ordena en función das rendas e por todo iso non estamos a favor desta moción do BNG.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que este discurso que di a administración é falso, o discurso é que a Xunta da esmola aos que non poden pagar, que claro que existía o copago, que o servizo de comedor é complexo, pero agora o liquidan, dar comedor aos pobriños e o resto que o paguen ou que se busquen a vida e todo o demais o ordenar o que non se debe ordenar.

O Sr. Alcalde sinala que non estou de acordo co copago en nada, non debe existir, que si o PP o que quere é que paguen os que máis teñen que se faga vía recadación fiscal, que nos orzamentos deste ano se propuxo que pagaran máis os que máis teñen e non se aprobou, tamén se falou de poñer un imposto á banca e tampouco se aprobou, séguese a financiar aos colexios do Opus con 3 millóns de euros, o PP fixo recortes despedindo a miles de profesores pero segue mantendo os 28 millóns de euros para o ensino de relixión nas escolas, isto rompe o principio de igualdade, é un ataque máis ás familias de clase media e supoñemos que o aprobarán en vacacións, é o de sempre, pagar por todos os servizos, que debía ser vía impostos, non por caridade, quen vai facer a información dos nenos que poden pagar ou non?, tamén os servizos sociais que xa non dan abasto de facer traballos á Xunta, e ao final haberá nenos de primeira e de segunda.

O Sr. Alcalde presenta unha emenda in voce que é aceptada polo propoñente da moción no senso de que no apartado dispositivo 1º) onde di: instar á Xunta de Galiza a non establecer un novo copago no servizo de comedores escolares, debe dicir: non establecer ningún tipo de copago.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción coa emenda aceptada dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e MIXTO (1)(BNG).

Votos en contra: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP(4).

Abstencións: 0.

Queda aprobado en consecuencia o seguinte acordo:

1º) Instar á Xunta de Galiza a non establecer ningún tipo de copago no servizo de comedores escolares.

2º) Demandar da Xunta de Galiza velar polo dereito á educación, garantindo un servizo de comedor escolar de calidade para o alumnado que o necesite.

3º) Instar á Xunta de Galiza que na normativa de admisión se priorice o acceso ao servizo de comedor aos/ as alumnos e alumnas residentes no concello.

7.2. MOCIÓN DO GRUPO MIXTO (BNG) PARA A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI DA REFORMA LOCAL DO GOBERNO DO PP NO ESTADO.

Polo Sr. Concelleiro Pena Espiña dáse conta da moción que transcrita di:

O Anteproxecto de Lei de racionalización e sustentabilidade na administración local, aprobado recentemente polo Goberno central, aborda unha fonda regulación do réxime local e pretende mudar de xeito substancial o papel dos concellos, cun maior impacto nos de menor tamaño, que son ampla maioría en Galiza.

A devandita proposta legal inspírase -segundo a súa propia exposición de motivos- na aplicación do principio de estabilidade orzamentaria, na versión regulada na reforma constitucional "exprés" pactada polo bipartidismo estatal, que implica un ríxido límite á actuación do sector público, ao situar a contención do gasto público por riba da atención ás necesidades sociais que deben atender as administracións na súa función de redistribuidoras da renda e da riqueza.

A intención prioritaria desta reforma do réxime local é reducir e adelgazar o ámbito de actuación dos concellos, cun recorte severo dos servizos que prestan, aínda que disfrazado do eufemismo "evitar duplicidades". Non hai unha verdadeira intención diso, nin de racionalizar, pois quen sae reforzada nesta reforma é a institución provincial que é o ente máis prescindible do entramado institucional actual. Porén, introdúcense mecanismos que abocarán ao deterioro, e mesmo supresión, de prestacións e servizos públicos básicos polos concellos, afectando directamente á veciñanza, sobre todo ás persoas con menos recursos.

Ademais, esta reforma reforza o centralismo, pois deseña un réxime xurídico e organizativo homoxéneo á maioría dos concellos galegos cos do resto do Estado, a pesar das fondas diferenzas en canto ao modelo de asentamento e organización territorial. Desde o nacionalismo galego sempre se tivo unha visión crítica coa articulación legal e administrativa local, por ser allea á realidade de Galiza, tanto nas dinámicas sociais como pola tendencia á uniformación cos entes locais do resto do Estado, cando as realidades territoriais son diferentes. Agora péchase calquera posibilidade de que Galiza deseñe un mapa local acaído á súa realidade.

Alén desa limitación á capacidade de Galiza, aténtase contra a autonomía local, ao conter unha serie de mecanismos externos para avaliar a capacidade de organizar novos servizos locais ou de intervenir en actividades económicas. En realidade trátase dun control político desde a administración central do Estado que busca evitar que se ensaien políticas alternativas desde os concellos. É unha limitación antidemocrática para os concellos que teñan vontade de exercer a través da iniciativa pública tanto o reforzo de servizos públicos como o estímulo de actividades económicas locais. Porén, para nada se fai unha referencia á limitación na privatización de servizos, nin sequera se reserva unha esfera mínima que debe estar blindada ao sector público e evitar con iso a súa transferencia ao sector privado.

A reforma consagra a máis absurda duplicidade do actual mapa institucional no Estado español, que é a persistencia das deputacións provinciais, que sairán reforzadas á hora de asumir servizos municipais, cando o máis lóxico sería afrontar a súa definitiva desaparición. O traslado ás deputacións de determinados servizos locais é un despropósito, pois non teñen ningunha base provincial, sendo totalmente artificial encomendar ás deputacións a súa prestación, e tendo en conta ademais que a atribución aos concellos da competencia sobre determinados servizos sempre se efectuou en función da operatividade das administracións locais para a prestación e cooperación naqueles que teñen unha clara base local.

En suma, estamos ante unha proposta que afondará na homoxeneidade e na capacidade da administración central de intervenir na dinámica local, a fin de impor as políticas antisociais e de relegación do papel do sector público a todos os concellos, como continuidade ás reformas regresivas xa aprobadas e ao deterioro democrático.

Por todo isto, o grupo municipal mixto (BNG) solicita do Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1º) Instar ao Goberno do Estado a:

a) Retirar o Anteproxecto de Lei de Racionalización e Sustentabilidade da Administración Local.

b) Instar a unha reforma constitucional que suprima as deputacións provinciais.

c) Presentar un plan de financiamento dos concellos, que lles permita custear os servizos públicos locais.

d) Instar a unha reforma do réxime local que deixe en mans das Comunidades Autónomas un amplo marxe de regulación sobre a organización, as funcións e competencias das entidades locais, a fin de adaptar o mapa local á realidade de cada territorio co obxectivo de racionalizar o mapa institucional en coherencia cun aproveitamento e administración eficaz dos recursos públicos.

Debate:

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que como complemento da moción anteriormente aprobada, se trata agora de pedir que se supriman as deputacións provinciais porque son entes doutros tempos e caciquís, sería un importante aforro e as súas funcións poderían pasar aos concellos ou á Xunta, creo que non é incompatible ratificar a anterior moción presentada neste Pleno con esta porque esta é un complemento.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que nós non estamos de acordo, a diferenza da moción anterior da FEGAMP, que ese punto en concreto do tema das deputacións non podemos aprobalo agora, ten que madurarse, falarse entre as administracións e tratar de buscar solucións.

O Sr. Alcalde sinala que nós mantemos a postura de que sempre estivemos en contra das deputacións, que deben desaparecer e se faga o que se teña que facer para que se eliminen e tamén dicir que é moi importante o do plan de financiamento polo que imos aprobala.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que agora di vostede que sempre estivo en contra, pero no mandato anterior estaba de Deputado provincial e moveu moitos cartos para subvencións da deputación e cobrou como Alcalde e como Deputado, por que non dixo estou en contra das deputacións e que veña outro no meu lugar?.

O Sr. Alcalde sinala que eu como Deputado provincial non cobraba nada, cobraba por asistencias, pero alégrome de que recoñecera que viñeron moitos cartos da deputación para Brión, que a postura de eliminación das deputacións consta en moitos sitios, nos xornais, que non teñen sentido as deputacións, é o meu parecer, e remata sinalando que nun lugar como Vilar se investiron 100 millóns das antigas pesetas e moi ben empregados están.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e MIXTO (1)(BNG).

Votos en contra: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP(4).

Abstencións: 0.

Queda aprobada a moción nos seus propios termos.

7.3. MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PP SOBRE RENUNCIA Á SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA DEDICAR UN BUSTO AO SR. VIDAL BOLAÑO.

Polo Sr. Concelleiro Tomé Fondo dáse conta da moción que transcrita di:

Por decreto da Alcaldía do 14 de febreiro do presente, o Concello de Brión solicitou unha subvención á Deputación da Coruña de 8.519,52 euros. Dita subvención será empregada, no caso de concederse, á realizar un busto de bronce ao Sr. Vidal Bolaño, que será homenaxeado este ano no día das Letras Galegas.

Consideramos que nos tempos actuais, cos problemas económicos que padecen moitas familias e coa cantidade de necesidades que demanda a nosa veciñanza, non é de recibo que o Sr. Alcalde pretenda gastar esa importante cantidade de cartos, nun busto de bronce. Nestes momentos de apuros económicos hai outras prioridades.

O Concello de Brión conta cun censo poboacional de arredor de 7.500 habitantes. De entre eles, nestes intres, algo máis de 700 persoas están no paro, e outras sen prestación de ningún tipo.

De igual maneira, máis dun centenar de brioneses recollen a miúdo alimentos nas cáritas diocesanas e nos servizos sociais, debido a escasez dos seus recursos económicos.

Neste mesmo Pleno Municipal, o Grupo Popular apoiou a iniciativa para que se elixira ao Sr. Vidal Bolaño como homenaxeado para o Día das Letras Galegas 2013. Pero unha cousa é renderlle homenaxe a nivel autonómico, outra ben diferente, é gastar en Brión máis de 8.500 euros nun busto de bronce.

Consideramos este gasto, totalmente excesivo e improcedente nos tempos que vivimos, e dada a situación de moitos veciños.

En calquera caso, o Grupo Popular propón outras alternativas, co fin de renderlle homenaxe ao Sr. Vidal, e cun custo moitísimo menor. Unha proposta é a de poñerlle ao Centro Social Polivalente o nome do Sr. Vidal Bolaño, rendéndolle deste xeito un homenaxe, e poñendo un nome distinguido ao noso centro. Deste xeito, o custo de tal acción sería mínimo, xa que tan só habería que colocar unha placa de dito homenaxe.

E se polos motivos que estimase o Sr. Alcalde, non tivera a ben poñer ese nome ao Centro Polivalente, se pode en calquera caso, elixir outro centro ou dependencia pública, relacionada coa cultura, ben sexa a biblioteca municipal, casa da cultura, ou algún dos espazos de exposicións de pintura ou fotografía.

E se aínda así, o Sr. Alcalde non estimase conveniente, poñerlle a ningún centro, o nome do homenaxeado antes citado, loxicamente, sempre teremos outra solución: poñerlle a algunha rúa do noso concello, o nome de Vidal Bolaño.

Por tal motivo, dados os tempos que estamos a vivir coa actual crise económica, tendo en conta as necesidades e prioridades da veciñanza, e resultando que existen outras alternativas moito máis económicas e prácticas, consideramos que o Concello de Brión debe renunciar á solicitude de dita subvención e optar por calquera das propostas que lle presenta o noso grupo, ou algunha similar.

Por conseguinte, proponse ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

1º) Que o Concello de Brión envíe un escrito á Deputación da Coruña, renunciando á solicitude da subvención do asunto.

2º) Co fin de renderlle homenaxe ao Sr. Vidal Bolaño, que opte por poñerlle o seu nome ao Centro Social Polivalente, o no seu caso, que adopte unha solución similar como as indicadas no presente escrito.

Debate:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que o que se gaste a Xunta como dixo vostede no xornal a min non me interesa, si me interesa o que se gasta en Brión.

O Sr. Alcalde sinala que nós non imos aprobar isto, pero si a podemos aprobar porque o resultado xa o sabemos, vostede sabe que estes cartos que pediu o Concello só poden ser empregados en infraestruturas culturais?

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que nós propuxemos alternativas. O Sr. Alcalde sinala que poñer nome a unha rúa non custa 9.000 euros.

Engade o Sr. Alcalde que de todas as mocións que leva vostede presentado esta me parece a máis demagóxica e creo que con máis mala intención; que pedín a subvención para o busto porque se lle dedica o día das letras galegas de 2013, entre outros, a proposta deste Concello, non poñemos o nome que di vostede porque xa adoptaremos o acordo que estimemos procedente, que non imos recibir nada porque a proposta a farán vostedes, é pura demagogia para xustificar as arbitrarias subvencións que concede a Deputación, pode velo vostede no Boletín Oficial da Provincia do 20.03.2013.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que as reparte a Deputación, non o PP.

O Sr. Alcalde sinala que no 2012 a Brión se lle concederon as seguintes subvencións da Deputación da Coruña: para escolas deportivas municipais: 1.919 euros, para todo o ano; para actividades culturais para todo o ano: 1.904 euros, cando nós facemos máis actividades culturais que todos os concellos limítrofes. Engade que foi a primeira vez que traballadores municipais de cultura presentaron escrito de queixa na Deputación.

Como se pode mesturar un investimento cultural coa situación económica dos veciños?, non será pola súa reforma laboral, polos desafuzamentos, non será que vostedes queren que estes cartos vaian para outros concellos, porque son só para apoio á cultura e o deporte, sería unha irregularidade renunciar e solicitar para outro fin; engade que resulta curioso que tivera información antes de darlle a relación de decretos, que xa tiñan vostedes a información da Deputación, é pouco ético, só está vostede para denunciar aos funcionarios municipais, aos veciños de Brión e para que a Deputación da Coruña non nos dea cartos.

O Sr. Alcalde explica as subvencións concedidas a este Concello e fai unha comparativa co Concello de Negreira sinalando que ten menos habitantes que Brión e que se quere o podo cambiar polo Concello de A Baña ou Boqueixón, que está no Boletín Oficial da Provincia.

Así a Brión a Deputación lle deu para: programa de apoio á cultura para actividades ano 2012: 1.904,43 euros; a Negreira: 6.831,00 euros; para programa de apoio á cultura para investimentos ano 2012, a Brión: 5.115,89 euros, a Negreira: 8.540 euros; programa de apoio ao deporte para actividades ano 2012, a Brión: 1.919,80 euros, a Negreira: 6.848,22 euros; en desenvolvemento servizos sociais, a Brión: 8.073 euros, a Negreira: 26.757,28 euros; proxectos de envellecemento activo, a Brión 6.000 euros, a Negreira: 3.789,47 euros; en políticas de igualdade entre homes e mulleres e de loita contra a violencia de xénero, a Brión 5.951,70 euros, a Negreira: 12.532 euros; programa de promoción económica, a Brión: 4.976,41 euros, a Negreira: 10.188,67 euros.

O Sr. Concelleiro Pena Espiña sinala que Vidal Bolaño no era deles, de ben nacidos é ser agradecidos, foi veciño de Brión, e fixo unha importante labor literaria, a min paréceme perfecto dedicarlle un busto a Vidal Bolaño e o resto non me interesa.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que respecto do comentario feito polo Sr. Pena Espiña de que non é noso e por iso non lle queremos facer un busto, se fora por iso non aprobaríamos o acordo de dedicarlle o día das letras galegas 2013 no Pleno celebrado aquí en Brión.

Respecto do dito polo Sr. Alcalde a parte de dar datos que ninguén pediu, teño que dicir que mentres haxa alcaldes como vostede que pide subvencións para gastos absolutamente prescindibles así nos irá, porque si se dan se reduce doutras partidas de gastos moito máis importantes.

O Sr. Alcalde sinala que se vostede gobernara xa sei que o faría moito mellor; vostedes gastan 3.000 euros en micrófonos, 6.000 en sistemas de climatización, etc..., iso se xustifica, ser aquí un persoeiro como Vidal Bolaño non ten xustificación.

Votación e resultado:

Sometida a votación a moción dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 4, pertencentes ao grupo municipal do PP(4).

Votos en contra: 9, pertencentes aos grupos municipais do PSG-PSOE (8) e MIXTO (1)(BNG).

Abstencións: 0.

Queda rexeitada a moción.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que iso que dixo vostede de que sabíamos esa información a través da Deputación, xúrolle polos meus fillos que me enterei coa lista de decretos facilitada polo Concello para o Pleno do mes de febreiro.

O Sr. Alcalde sinala permítame que non lle crea.

8º) ROGOS E PREGUNTAS.

8.1. Preguntas formuladas por escrito polo grupo municipal do PP:

En relación coas obras feitas no lugar de Sanín por D. Hipólito Berdullas, e das que xa se falou en parte, neste Pleno Municipal, e a raíz da resolución da Xunta de Galicia na que se impón unha sanción de 5.000 euros ao infractor antes citado, interesa a este grupo popular que se responda ás seguintes preguntas:

1.- Neste Pleno ao igual que nos medios de comunicación, dixo o Sr. Alcalde que o problema destas obras, é un asunto "entre particulares".

Pero segundo consta nas diversas sentenzas xudiciais, resulta que o terreo onde se fixeron ditas obras, é un terreo público, propiedade do Concello. Polo tanto o asunto, é un tema público e non particular.

E así o confirma a sentenza do TSXG cando obrigou ao Sr. Alcalde a que se aboaran os honorarios xudiciais, ao veciño que interpuxo a demanda, xa que exercitou unha acción veciñal para defensa dun ben ou interese público.

¿Por que o Sr. Alcalde, sabendo esta información, nunca a dixo e insiste dicindo que é un tema entre particulares como se nada tivera que ver o Concello?.

2.- A raíz das sentenzas sobre dito asunto, se confirma que o terreo é propiedade do Concello de Brión.

Tanto nestas sentenzas xudiciais, como nos diferentes expedientes sancionadores abertos por Augas de Galicia, se ordenou ao Sr. Berdullas a que deixara o terreo libre e expedito. É dicir,

que se retirasen as obras ilegais (arqueta e captación de augas) e se deixara o terreo no seu estado primitivo.

Se o Concello é o propietario de dito terreo no que se fixeron ditas obras ilegais, e se o infractor non obedeceu nin cumpriu as sentenzas nin resolucións do Xulgado e maila Administración Autonómica ¿por que o Sr. Alcalde non pediu a execución da sentenza durante estes anos nin comunicou a desobediencia do infractor?.

3.- As obras ilegais, feitas na primeira ocasión xa fai case vinte anos, e posteriormente en setembro do 2010, non contaban coas correspondentes licenzas. Nin de Augas de Galicia nin do Concello de Brión.

Por parte da Administración Autonómica, necesitaban o correspondente permiso, xa que se trataban dunhas obras relacionadas coas augas. E ao mesmo tempo, se necesitaba a correspondente licenza do Concello, por tratarse da realización dunhas obras, e como tales, deben ser autorizadas pola administración local. Máxime, tendo en conta que o lugar onde se fixeron, é terreo público e non é un terreo particular.

Si está demostrado, tanto polo Xulgado como por Augas de Galicia, que o Sr. Berdullas fixo ou ordenou facer esas obras nas dúas ocasións (fai case vinte anos, como no 2010), e se fixeron sen as correspondentes licenzas ¿por que o Sr. Alcalde non abriu expediente sancionador ao infractor ou expediente de reposición á legalidade?.

4.- En setembro do 2010, o Sr. Berdullas de novo volveu facer obras no mesmo lugar de Sanín. Sobre ditas obras se lle pediu explicacións ao Sr. Alcalde no Pleno municipal de decembro do 2010, pero sen dar resposta o Sr. Alcalde sobre o preguntado. Pero nos medios de comunicación dicía que se trataba dun problema entre os veciños e Unión Fenosa por uns postes eléctricos.

Pero segundo resolución da Xunta de Galicia, e debido ao segundo expediente sancionador incoado ao Sr. Berdullas, se confirma que foi este quen ordenou facer ditas obras, e de igual maneira, se confirma que non existe indicio algún de que as obras, teñan nada que ver coa colocación de ningún poste eléctrico.

É dicir, que o dito polo Sr. Alcalde, nada ten que ver co denunciado polos veciños de Sanín, e nada ten que ver coa resolución da Xunta de Galicia.

¿Por que o Sr. Alcalde dixo que era un problema entre os veciños e Unión Fenosa pola colocación duns postes?.

5.- Temos constancia de que recentemente, o Ministerio Fiscal pediu explicacións ao Concello sobre estas obras, e que a principios do pasado mes de marzo, desde o Concello se lle remitiu un informe ao respecto. ¿Que se respondeu nese informe ao Mº Fiscal?.

O Sr. Alcalde sinala que non hai nada escondido, fíxose na Xunta de Goberno Local e os grupos reciben copias da acta; que a execución terá que pedila o xulgado, será o xulgado o que terá que executala; respecto da terceira que quen é o Alcalde para abriulle expediente sancionador a ninguén se está o tema no xulgado, que me parece que é un tema que escapa a temas políticos, voulle ler o informe que solicitei e tamén o que lle mandei ao fiscal e dou por contestado o tema.

Pola Alcaldía dáse lectura ao informe feito polos servizos técnicos municipais en relación a estas preguntas que di: En relación ao escrito presentado polo voceiro do Partido Popular de Brión, D. Carlos Tomé Fondo o 16 de abril de 2013 (r.e. 1346), no que mostra o seu interese polas obras feitas no lugar de Sanín por D. Hipólito Berdullas Nieto e o eleva como preguntas ao próximo Pleno da Corporación Municipal, cabe dicir o seguinte.

Como ben di D. Carlos Tomé Fonde no seu escrito, o Ministerio Fiscal abriu Dilixencias Informativas nº 28/13 e requiriulle ao Concello nun Oficio da Fiscal do 26 de febreiro de 2013, informe sobre os feitos denunciados, en relación ao expediente arriba indicado.

O 8 de marzo de 2013, enviouse á Fiscalía oficio de Alcaldía (r.s. 545) que achegaba o informe solicitado e elaborado polos servizos técnicos e xurídicos municipais, asemade incluíuse escrito presentado no Concello por D. Hipólito Berdullas Nieto, no que acredita a retirada da arqueta.

O Concello inicialmente mandou paralizar as obras de construción da arqueta en data 15.05.95, probablemente por entender que a devandita arqueta non se atopaba amparada pola licenza concedida en data 10.11.94.

Sen embargo, o certo é que a Sentenza ditada polo Xulgado de Negreira en data 27.01.98 entendeu que a construción da arqueta estaba amparada pola correspondente licenza municipal, mesmo sinalando que dita licenza reúne os requisitos de legalidade precisos, e probablemente por esta razón non se volveu levar a cabo polo Concello actuación ningunha dende aquela data.

En todo caso debe sinalarse que, partindo da declaración contida na sentenza citada, no senso de que a arqueta se atopa amparada pola licenza municipal no seu día concedida, calquera actuación do Concello relativa ás cuestións sinaladas polo Oficio de Fiscalía requiriría, con carácter previo, a revisión da devandita licenza, actuación que aparentemente podería revestir certas dificultades por ter transcorrido o prazo de catro anos legalmente establecido en principio para a revisión dos actos declarativos de dereitos (arts. 103.2 e 106 lei 30/92), o que prantexaba dúbidas sobre a forma de actuar neste caso.

O 8 de marzo de 2013, tivo entrada neste Concello escrito suscrito por Don Hipólito Berdullas Nieto no que da conta de que procedeu voluntariamente á retirada da arqueta en cuestión, polo que debe entenderse que con tal actuación a cuestión quedou resolta definitivamente.

Continua o Sr. Alcalde sinalando que o informe enviado á fiscalía di:

Antecedentes.

1.- En relación coas actuacións relativas á captación de augas por D. Hipólito Berdullas Nieto a carón do regato de Sanín, e persoados no día da data no lugar dos feitos, puiden comprobar que a arqueta se atopa aínda no terreo, se ben pola maleza e vexetación existente, e mesmo terra que a cubre na súa maior parte, non semella que sobre a mesma se teña efectuado actuación ningunha recentemente.

2.- Preguntado sobre o particular a D. Hipólito Berdullas Nieto, este manifesta que non levou a cabo no terreo nin en particular na arqueta obra ningunha dende a construción da mesma, hai case vinte anos. Manifesta así mesmo, que na actualidade a arqueta está inoperativa por mor dunhas obras de instalación de postes de enerxía eléctrica nas proximidades, que a deixaron sen caudal de auga.

3.- Mediante escrito de data 8.03.13, ao que se achegan fotografías e factura, Don Hipólito Berdullas Nieto acredita ter retirado a arqueta.

4.- Consta concesión de licenza de obras a Dona Milagros Balsa Fernández, esposa de Don Hipólito Berdullas Nieto, para condución dunha tubaxe para canalización de auga dende Sanín ata Estrar, na sesión da Comisión de Goberno de data 10.11.94.

5.- A construción da arqueta data, segundo tódolos indicios, debeu facerse a continuación da concesión de dita licenza, xa que en data 15.05.95 consta un Oficio da Alcaldía dándolle

traslado ao Sr. Berdullas da incoación de expediente sancionador pola Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, e indicándolle que non se lle concedería a licenza ata que non se obtivese a correspondente autorización da Consellería.

6.- A sentenza dictada polo Xulgado de Negreira en data 27 de xaneiro de 1998, seguido a instancia de D. Manuel Juan Santiso Rodríguez declarou que o terreo no que se fixo a arqueta é público e pertence ao Concello de Brión, condenando a D. Hipólito Berdullas e esposa a que o deixaran libre e expedito, se ben matizando que a consideración como público “non permite acceder a outra pretensión contida no suplico do escrito rector relativa á condena dos demandados a que retiren a arqueta construída, por canto dita construción está amparada por un acto administrativo previo que reúne os requisitos de legalidade precisos, polo que non pode a xurisdición de orde civil declarar a nulidade daquel, debendo os interesados acudir a xurisdición contencioso administrativa”.

Non consta no expediente nin que se pedise a execución desta sentenza, nin tampouco que se acadise a xurisdición contencioso administrativa como se aconsellaba na mesma.

Informe.

Partindo dos antecedentes relatados, e respondendo aos particulares indicados no Oficio de Fiscalía sobre as medidas adoptadas polo concello para repoñer a legalidade infrinxida coa realización de ditas obras e accións adoptadas para a defensa do dominio público afectado, debe sinalarse que o Concello inicialmente mandou paralizar as obras de construción da arqueta en data 15.05.95, probablemente por entender que a devandita arqueta non se atopaba amparada pola licenza concedida en data 10.11.94.

Sen embargo, o certo é que a Sentenza ditada polo Xulgado de Negreira en data 27.01.98 entendeu que a construción da arqueta estaba amparada pola correspondente licenza municipal, mesmo sinalando que dita licenza reúne os requisitos de legalidade precisos, e probablemente por esta razón non se volveu levar a cabo polo Concello actuación ningunha dende aquela data.

En todo caso debe sinalarse que, partindo da declaración contida na sentenza citada, no senso de que a arqueta se atopa amparada pola licenza municipal no seu día concedida, calquera actuación do Concello relativa ás cuestións sinaladas polo Oficio de Fiscalía requiriría, con carácter previo, a revisión da devandita licenza, actuación que aparentemente podería revestir certas dificultades por ter transcurrido o prazo de catro anos legalmente establecido en principio para a revisión dos actos declarativos de dereitos (arts. 103.2 e 106 lei 30/92), o que prantexaba dúbidas sobre a forma de actuar neste caso.

En calquera caso, con esta mesma data tivo entrada neste Concello escrito suscrito por Don Hipólito Berdullas Nieto no que da conta de que procedeu voluntariamente á retirada da arqueta en cuestión, polo que debe entenderse que con tal actuación a cuestión quedou resolta definitivamente.

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que non me contestou. O Sr. Alcalde sinala que entendo que si e pode ir vostede ao Valedor dicindo que non lle contestei, que eu direi que contestei como me parece que teño que contestarlle e non como quere vostede que lle conteste.

8.2. Rogo oral do grupo do P.P:

O Sr. Concelleiro Tomé Fondo sinala que en Agronovo hai tres badéns na rúa da parte de arriba e o que se atopa na parte do medio da piscina fai que saia a auga por encima da beirarrúa e lle entrou en dous garaxes, a ver se pode ir algún traballador para buscarlle unha solución ao asunto.

O Sr. Alcalde sinala que moitas grazas, non sabía nada do asunto.

8.3. Preguntas formuladas por escrito polo grupo Mixto (BNG):

1 .- A estrada de Negreira a Brión, AC-451, atópase nun estado lamentable. O firme encóntrase afundido en moitos lugares e con numerosas fochancas. En especial son malas as condicións da estrada no tramo que percorre o núcleo de Pedrouzos, o enlace despois da rotonda do Río Pego e nos semáforos do cruce de Os Ánxeles.

Queremos saber: que xestións ten feito o Goberno Municipal para que se arranxe canto antes esta estrada.

2.- A nova rotonda de O Tremo que enlaza a estrada de Noia co novo vial Este leva xa unha longa temporada, aparentemente, rematada pero segue en situación provisional. Queremos saber cando vai entrar, definitivamente, en servizo.

3.- En relación coa anterior cuestión, tamén preguntamos cando se van dar por rematadas as obras do vial Este e en consecuencia este novo vial vai entrar en servizo.

O Sr. Alcalde sinala que a min tamén me gustaría sabelo e tamén cando van amañar a estrada, porque a principal corredeira do concello é a AC-451. Que falei co Conselleiro o 20.12.2012 nunha inauguración fora de Brión, porque aquí non hai moitas inauguracións de obras, que houbo unha reunión o 20.12.2012 e que se dixo que o prazo previsto era no primeiro cuadrimestre de 2013, pedíuselle que abrisen o tramo desde a rotonda á autovía pero dixéronnos que non porque estaba pendente dunha capa de rodadura, iso é o que sei, mañá pedirei explicacións outra vez sobre este tema.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as catorce horas e vinte e cinco minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O Alcalde.

O Secretario.

Vº e Prace.

José Luis García García.

Javier Nieves González.